PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Na súa primeira parte analízase a estratexia comunitaria fronte ao cambio climático e as implicacións das políticas que se levarán a cabo neste eido nos vindeiros anos tanto para os Estados membros como para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2021-2027 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2026, mediante as anualidades do FEDER, FSE+, FEMPA, INTERRG e FTX. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2026 a asignación das políticas sectoriais a través das anualidades do FEADER e do FEAGA, así coma os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 fixadas pola acción do goberno.